

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 14 de abril de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o acceso ás ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para os aspirantes que non estean en posesión do título de bacharel.

O Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificado polo Real decreto 21/2015, do 23 de xaneiro, no seu artigo 12 establece que o acceso ás ensinanzas oficiais conducentes aos títulos superiores de ensinanzas artísticas nos diferentes ámbitos requirirá estar en posesión do título de bacharel ou ter superado a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, así como a superación das correspondentes probas específicas a que se refiren os artigos 54.2, 55.2, 56.1 e 57.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Igualmente, o citado Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, na súa disposición adicional oitava, sobre acceso directo, establece que, con carácter excepcional e de acordo co artigo 69.5 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, as administracións educativas poderán establecer o acceso directo a maiores de 18 anos de idade ás ensinanzas artísticas superiores en xeral mediante a superación dunha proba específica, regulada e organizada polas administracións educativas, que acredite que o aspirante posúe os coñecementos, habilidades e aptitudes necesarios para cursar con aproveitamento as correspondentes ensinanzas, así como o acceso directo aos estudos superiores de música ou de danza de maiores de 16 nas mesmas condicións.

A Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, no punto 6 da súa disposición derradeira quinta, sobre calendario de implantación, establece que as modificacións introducidas nas condicións de acceso e admisión ás ensinanzas reguladas nesa lei orgánica serán de aplicación no curso escolar 2016/17.

En consecuencia, procede ditar instrucións para o acceso do alumnado que se atope en tales circunstancias, para o curso escolar 2016/17, ás ensinanzas artísticas superiores de Música, de Arte Dramática, de Deseño e de Conservación e Restauración de Bens Culturais. Xa que logo, en virtude das atribucións que lle son conferidas polo Decreto 45/2012,



do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, esta dirección xeral

RESOLVE:

Convocar a proba de acceso, para os aspirantes que non estean en posesión do título de bacharel ou equivalente e fagan dezaioito anos no ano 2016, ás ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática, de Deseño, e de Conservación e Restauración de Bens Culturais, para o curso escolar 2016/17, así como para os aspirantes que non estean en posesión do título de bacharel ou equivalente e fagan dezaseis anos no ano 2016, ás ensinanzas artísticas superiores de Música, que se rexerá polas seguintes instrucións:

Primeiro. *Inscrición para realizar a proba*

a) A inscrición realizarase na secretaría dos seguintes centros educativos entre o día seguinte ao da publicación da presente resolución e o día 30 de maio, ambos inclusive:

- Conservatorio Superior de Música da Coruña.
- Conservatorio Superior de Música de Vigo.
- Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso da Coruña.
- Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo de Santiago de Compostela.
- Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo.
- Escola de Arte e Superior de Deseño Antonio Faiñde de Ourense.
- Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.
- Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia.

b) Para a formalización das solicitudes de admisión, os centros superiores facilitaran-lles ás persoas interesadas o modelo para o efecto. Unha vez cuberto, entregarase unha única instancia na secretaría do centro, xunto cunha copia compulsada do DNI ou NIE ou pasaporte.

c) Os centros superiores onde se realice a inscrición deberán enviarlle á dirección xeral, a través do correo electrónico sxeefp@edu.xunta.es, o día 31 de maio, a relación de per-



soas inscritas para realizar a proba de acceso, ordenadas alfabeticamente, con apelidos, nome e número do documento nacional de identidade ou do documento acreditativo.

d) A relación de persoas inscritas será exposta no taboleiro de anuncios de cada centro o día 31 de maio, así como no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria <http://www.edu.xunta.es>.

e) Poderanse presentar reclamacións contra a listaxe provisional entre os días 1 e 2 de xuño, ambos os dous incluídos, no mesmo centro onde se realizou a inscrición (ou a través do correo electrónico sxeefp@edu.xunta.es).

f) A relación definitiva de persoas admitidas e excluídas para a realización da proba farase pública o día 3 de xuño no taboleiro de anuncios de cada centro, así como no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria <http://www.edu.xunta.es>.

Segundo. *Desenvolvemento da proba*

a) A proba de acceso realizarase o día 6 de xuño, ás 9.00 horas, no IES As Fontiñas de Santiago de Compostela, de acordo co seguinte horario:

– 9.00 horas: presentación.

– Das 9.30 ás 10.30 horas: Lingua Estranxeira (Inglés ou Francés).

– Das 10.30 ás 11.30 horas: Lingua Castelá e Literatura.

– Das 12.00 ás 13.00 horas: Lingua Galega e Literatura.

– Das 13.00 ás 14.00 horas: Filosofía e Cidadanía ou Historia da Filosofía.

– Das 16.00 ás 17.00 horas: Historia de España ou Ciencias para o Mundo Contemporáneo.

b) As persoas inscritas deberán presentar, para a realización da proba, o seu documento oficial de identidade e copia da folla de solicitude de inscrición.



Terceiro. *Tribunal e cualificacións*

a) A proba de acceso será administrada e avaliada polo tribunal que se recolle no anexo a esta resolución.

b) Os membros deste tribunal terán dereito á percepción de asistencias de acordo co establecido no capítulo IV do Decreto 144/2001, do 7 de xuño.

c) A proba de acceso será cualificada cos termos de apto e non apto.

Cuarto. *Admisión do alumnado*

a) Unha vez concluída a proba, o tribunal publicará a listaxe provisional de persoas que superaron e non superaron a proba, o día 8 de xuño, no taboleiro de anuncios de cada centro e a través do portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria <http://www.edu.xunta.es>.

b) Poderanse presentar reclamacións contra as cualificacións provisionais os días 9 e 10 de xuño, ambos os dous incluídos, ante o presidente do tribunal avaliador, no centro onde se realizase a inscrición. Neste mesmo período, os centros remitirán á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, a través do correo electrónico sxeefp@edu.xunta.es, as reclamacións presentadas para proceder á súa revisión.

c) As cualificacións definitivas publicaranse o día 13 de xuño, no taboleiro de anuncios de cada centro e a través do portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria <http://www.edu.xunta.es>.

d) Contra as cualificacións definitivas, a persoa interesada poderá interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación, ante a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

Quinto. *Emisión de certificación*

Unha vez publicada a listaxe definitiva de aspirantes que superaron a proba, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa remitirá, o día 13 de



xuño, os correspondentes certificados de ter superada a proba aos centros onde os aspirantes realizaron a inscrición.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2016

Manuel Corredoira López
Director xeral de Educación, Formación Profesional
e Innovación Educativa

ANEXO

**Tribunal da proba de acceso
de ensinanza artística superior**

Tribunal titular		Tribunal suplente	
Presidenta	Isabel Serna Masiá	Presidente	Manuel Guerra Fernández
Secretaria	Rosa Gao Sánchez	Secretaria	M ^a Luz Ares Fandiño
Vogal 1º	Noemí Álvarez Villar	Vogal 1º	Sofía Viña Díaz
Vogal 2º	M ^a Jesús Lorenzana Lamelo	Vogal 2º	M ^a Teresa de Jesús Rey Rey
Vogal 3º	Carmen Meiriño González	Vogal 3º	Marta Coria Blanco
Vogal 4º	Manuel Ángel García Gómez	Vogal 4º	Manuel Mira Martínez
Vogal 5º	Leopoldo Bahillo Varela	Vogal 5º	Julita Taboada Martínez
Vogal 6º	Ricardo Pita Fernández	Vogal 6º	Victoria Cerviño Ferrín

